

UN TRANVÍA DE DÚAS CORES

Mingolo Alborés



Portada: Suso Pereira

–Queres saír de aí! Estasme poñendo nervioso.

Mario estaba sentado sobre a varanda da terraza á que daban as dependencias da suite Dom Duarte, no noveno andar do céntrico hotel onde se hospedaban. Cun rítmico abaneo do seu corpo, asomábase vertixinosamente á panorámica dun anaco de Lisboa que, dende logo, non era o máis interesante. Tan só podía ollar, á súa dereita, o castelo de São Jorge; todo o demais, O Rossio, Bairro Alto, A Baixa, O Chiado, Alfama e mesmo o río Texo lambendo a escalinata de mármore da Praça do Comércio, quedaba ás súas costas.

Pero dáballe o mesmo, xa tivera a oportunidade de percorrer eses lugares durante os dous días que levaba na cidade; agora limitábase a entreter os pensamentos, e a resaca que lle quedaba da noite pasada, observando o continuo trasfego dos pequenos eléctricos amarelos e brancos que circulaban polos seus carrís de ferro arredor da praza, enganchados dunha pértega e facendo soar a súa campá de aviso. Meditaba, precisamente, sobre unha frase que lera nun deles a tarde anterior “*Só existimos nos días que fazemos. Nos días que não fazemos, apenas duramos*”; estaba escrito no tranvía que os levara a Alfama cando foron cear naquela pequena taberna, onde unha viola e unha guitarra portuguesa estiveran toda a noite acompañando á infinidade de fadistas que rezaban as tristuras do destino e partían, ao acabar, coma se ficasen aliviados logo de desfacerse da súa dor de contrición.

–Entón... Cando marchamos?, porque... Segues coa teima esa de ir a Australia- dixo baixándose da varanda e sentando. nunha cadeira.

–Antes quero facer outra cousa e confío en que me axudes.

Ramiro pechaba os ollos e lanzaba con parsimonia as bafaradas de fume, coma se gozase intensamente de cada calada do cigarro. Facía tan só quince días que rematara todas as xestións para converter en diñeiro a enorme

fortuna herdada dos seus proxenitores; e foi entón cando lle ofreceu ao seu amigo da alma deixar o traballo e liscar con el a Australia.

Levaban case corenta anos xuntos; coñecérao cando ambos acababan de cumprir os dezaseis, o mesmo día no que Mario chegou á vila para traballar na funeraria. Daquelas, el aínda ía todos os días por alí para preguntar se había novas de Mariana, a filla do dono do negocio que desaparecera había xa seis meses, un maldito 25 de abril de 1974, e da que nunca máis se volveu saber. Foi a única rapaza da que se sentiu namorado e con quen adoitaba saír a diario; de feito, todos os coñecidos considerábanos xa unha prematura parella, aínda que, na realidade, nunca foran máis alá de bicárense.

Por iso, a pesar de que, igual ao acontecido no día a día do tanatorio, aquel novo empregado fora ocupando no seu corazón o oco producido pola ausencia da moza, el nunca foi capaz de superar a pena e o desacougo de perdela. Co tempo todos, incluso o pai, pareceron volver á normalidade contaxiados do bo facer daquela rapaz; un sobriño político que, consciente da angustia reinante no seu contorno, soubo ocupar discretamente o sitio da desaparecida, escoitando as lembranzas que dela contaban e imitándoa o mellor posible. Todos menos Ramiro, que continuou levando no máis profundo da alma a angustia de non saber da rapaza; de feito, aínda agora lle volvían algunhas noites aqueles febrís pesadelos nos que escoitaba impotente as súas súplicas.

Quizais por ser consciente disto, Mario dedicáballe a el todas as horas que o traballo lle permitía; ata chegou a reducir a unha semana ao ano as viaxes de vacacións que facía a Madrid para visitar ao seu padriño, a outra persoa que máis quería do mundo. Os dous estaban sempre xuntos, incluso levantaban murmuracións nas aburridas mentes dalgúns veciños; a dicir verdade, o carácter delicado de Mario e as agarimosas atencións cara ao seu

amigo facían que ás veces parecesen unha parella de homosexuais. Pero a eles iso non lle importaba o máis mínimo; para un, aquela amizade era un emplasto nas súas feridas e, ao outro, tamén o aliviaba da sensación de culpabilidade que chegara a sentir por non axudarlle a atopala.

—Quero buscala. Sempre o quixen facer e non podía; agora si, agora teño tempo e cartos. Ademais débollo; imaxina que está viva, que pensarías se soubeses que un ser querido pode localizarte e non o fai?

Mario asentiu mentres servía un pouco de vermú no vaso cheo de xeos.

—Claro que si. Tes a obriga de facelo e o dereito a deixar de sufrir.

Pero, a pesar da determinación da frase, pronunciouna coa voz impregnada dun deixe de tristura.

—Teño un plan. Atende!, pouco antes de desaparecer fixera unha viaxe co seu pai; daquela levaba moito tempo desanimada e logo, cando volveu, estivo distante e moi alterada ata que se esfumou. É preciso pescudar, saber onde a levaron; estou convencido de que coñeceu a alguén e ese alguén pode ser a clave, son moitas coincidencias.

Debaixo, na rúa, continuaba o trasfego dos pequenos eléctricos. Mario levantouse e achegouse novamente á varanda da terraza; ollaba o rutineiro acontecer da praza cando se decatou de que un dos tranvías era vermello, só vermello!.

—Vaites! —cavilou— cría que todos eran brancos e amarelos!

E, lembrándose da frase que lera nun deles, pensou —Certamente só valen a pena os días que se gozan, o resto non pasa de ser mera supervivencia; por iso que, nolos dous, estamos a estragar anos e anos de vida, unicamente pola vertixe a dicir a verdade.

—Ti poderías informarte de a onde foron nesa viaxe e incluso de a quen puido coñecer —Continuou dicindo, alleo por completo aos pensamentos do seu amigo.

—Eu xa o sei —respondeu Mario— Sei a onde foi, con quen estivo e, tamén, que desapareceu pola súa propia vontade.

O tintinar da campá dos tranvías interferiu no denso silencio. Ramiro mirábao fixamente, atordado polo que acaba de escoitar.

—Queres dicir que está viva e que nin ela nin ti, nin ninguén mo dixo? Non é certo, Mariana xamais faría iso!, nunca me abandonaría así, sen explicarmo.

—Si; dalgunha maneira está viva e, tamén dalgún xeito, non te abandonou.

—Dalgunha maneira? De que carallo estás a falar? Que coño sabes ti?

As frases saían coma cuspidas, o vaso rodou polo chan da azotea e os ollos desorbitábonselle mentres miraba, agarrado coma un tolo á mesa, ao seu compañeiro de viaxe.

—De acordo, cóntocho todo, pero fai o favor de tranquilizarte e escoita. Mariana, non era exactamente unha muller.

—Que queres dicir con iso?.

A pesar da nova interrupción, o seu ton sosegárase lixeiramente.

—Pois que era andróxena. Cando naceu tiña os dous sexos e elixiron, por ela, o feminino; algo co que nunca estivo de acordo e, precisamente por iso, decidiu cambialo. Tiña un parente médico en Madrid que lle axudou, primeiro convencendo ao seu pai e logo co tratamento hormonal e cos trámites legais. Xa ves, o maldito 25 de abril veu sendo para ela, coma para os portugueses, o día da súa liberación.

—E, en todos estes anos nunca foi quen de chamarme para contarmo?

—Tiña medo, coma o resto dos que o sabían. Dime unha cousa; como terías reaccionado se o chegases a saber daquela, cando aínda eras mozo?

—Supoño que moi mal —Respondeu con sinceridade Ramiro— Ou sexa que agora é un home. E... Aínda se lembra de min?

—Segue amándote, pero agora non é a muller coa que ti soñas. Xa ves, ela si está amolada, de pouco lle valería regresar e contarcho.

Mario volveuse cara á rúa e levantou a faciana contra o vento para evitar que lle saíran as bágoas. Ramiro acercóuselle por detrás e colleuno polos ombros.

—Sabes que unha vez imaxinei iso?

—Que Mariana era un home?

—Non. Que ti e máis ela erades a mesma persoa.

E Mario soubo que interpretara ben o que acababa de escoitar, cando sentiu o bico do seu amigo no pescozo.

—Entón... —preguntou cun nó na gorxa— Segue en pé o de ir xuntos a Australia?

—Por suposto, aínda máis. Pero primeiro gustaríame facerlle unha visita ao teu padriño. Xa que é un doutor e vive en Madrid posiblemente coñeza ao parente médico de Mariana; gustaríame falar con el e que me contase a historia con todo luxo de detalles.

Sorrindo abertamente, Mario xirouse deixando ás súas costas a praza, onde os eléctricos volvían ser amarelos e brancos. Logo, miráronse fixamente os dous e fundíronse nun abrazo que levaba trazas de eterno; quizais un abrazo de amigos ou pode que de amantes, a quen lle podería importar iso?

—A partir de agora —dixo moi baixiño— todos os días serán de *fazer*.